

AGUIRRE, A CÓLERA DE DEUS

1789

Werner Herzog, 1972

ESTREA EN NUMAX: 08.07.2026 | V.O.S.E. | 95 min

En 1560, pouco despois da destrución do imperio inca, unha expedición española parte das montañas de Perú rumbo á selva do Amazonas, en busca da lendaria terra de El Dorado. A través do diario do frade Diego Gaspar de Carvajal iremos coñecendo detalles e circunstancias daquela perigosa aventura...

«A demencial obra mestra de Herzog do 72 aínda retén toda a súa carga alucinatória»

Cath Clarke, TIME OUT



O reverso escuro de Deus

Por Joaquín Vallet Rodrigo

Desde a inmensidade duns planos aéreos, despois de ofrecernos a imaxe dun ceo preñado de nubes brancas, a cámara de Herzog céntrase nunha expedición que descende perigosamente por unha escarpada montaña. Os seres humanos apenas se albiscan como pequenos insectos que avanza con notoria torpeza pola firme solemnidade do escenario natural, convertendo ao cineasta alemán nunha especie de entomólogo que intenta ampliar a lente de visión co fin de captar con maior profundidade a esencia deses seres insignificantes que se atreven a romper a harmonía da Creación.

A secuencia final de *Aguirre, a cólera de Deus* desenvólvese nun río onde a morte e a destrución campan polos seus foros. Ante iso, dúas formulacións temáticas expostas por Herzog, ambas analizadas ata a extenuación nunha película rochosa e profunda, fermosa e depravada: o discurrir do ser humano cara a un final predestinado, cuxa inexorabilidade acaba por desquicialo. Por outra banda, a radical rebelión ante iso mediante a afirmación do ser. Un estado onde a megalomanía acaba por substituír a frustración existencial. Aguirre é o representante de todo iso. Un personaxe que traslada o seu desafío humano ao terreo divino, erixíndose nunha sorte de deus colérico que condensa os flancos máis sinistros da súa condición.

Herzog sérvese da conxuntura histórica co fin de expoñer un choque brutal entre diversos conceptos: a forza da natureza co intento de aseveración do individuo; a espiritualidade da relixión fronte á fisicidade e a tendencia instintiva; a presenza dunha civilización dominante contra outra condenada a unha dramática extinción. En todos os casos, Aguirre eríxese no fiel expoñente destes elementos, intentando afirmar o seu poder por riba dos seus semellantes, brandindo uns modos imprevisibles e de poderosa violencia contida e aparecendo como o guía espiritual dun forzado proselitismo que unicamente esconde a máis atroz das ambicións. A posición de Herzog ante iso é, como se esbozou anteriormente, a dun mero observador. O cineasta non xulga moralmente as actitudes asumidas polo personaxe nin tampouco os seus delirios de grandeza. A inmediatez da súa posta en escena (non houbo planificación dos posicionamentos de cámara, rodando de xeito completamente improvisado durante as semanas de filmación), incrementa a sensación de que o filme se atopa suspendido no tempo e o espazo, sen que se adhira a ningún tipo de convención. Marcando as súas propias regras e construíndo uns xeitos propios e exclusivos que nada teñen que ver con todo o realizado anterior e posteriormente.

Aguirre, a cólera de Deus é, por tanto, unha viaxe de similares características ás emprendidas polos seus protagonistas. O filme é contraditorio nos seus trazos privados: repousado e violento, explícito e sutil, realista e fantasmagórico... tan contraditorio, en definitiva, como os seres humanos que interveñen na historia. Así mesmo, a constante presenza da morte híbrídase co protagonismo dunhas paraxes virxes, case na alba da súa existencia. Lugares onde un ser heterodoxo, chámese Aguirre, Klaus Kinski ou Werner Herzog, mantén unha inclemente loita coa civilización, con Deus e consigo mesmo.

Publicado en letrasdecine.es